

Faro da Cultura

Risos desde Irlanda

As sátiras de Flann O'Brien

JOAQUIM VENTURA

Cando desde a literatura, a política ou a historiografía se procura unha identidade, é común poñer os ollos naqueles procesos semellantes, nin que sexa para autoconvencer-nos de que non estamos sós. Tal simplificación pode conducir a un xogo de espellos maniqueo: se nós (A) estamos contra B, somos coma C que está en contra de D. Ergo, por forza teremos que estar a prol de C, sen críticas. O maniqueísmo identitario —non necesariamente cun obxectivo político— conduce case sempre a esquecer os diversos matices que hai en todo colectivo. Matices que perdemos cando confundimos a parte co todo.

Moito diso sucedeu entre nós cara a Irlanda, xa fose desde a perspectiva estritamente identitaria —caso do nacionalismo galego, catalán ou vasco—, xa fose desde a identidade relixiosa, cando aos anteriores se lles engadía o nacional-catolicismo español: todo o que fose irlandés estaba libre de pecado, incluído o pecado orixinal. Pero se a loita irlandesa pola independencia xa estivo chea de intolerancias (cousa que non xustifica as brutalidades impostas desde Londres), os gobernos de Dublín estiveron profundamente marcados por un particular nacional-catolicismo, algunhas de cuxas consecuencias coñecemos.

Fronte a ese todo, imposible de desmontar en pezas, que sumaba identidade sagrada, lingua (o gaélico) e casulas, houbo espíritos resistentes. Un deles foi Flann O'Brien (pseudónimo literario de Brian O'Nolan, Brian Ó Nuall'in en gaélico), de quen vén de ser publicada —en castelán— unha antoloxía das súas columnas chamadas "Cruisken Lawn", asinadas co pseudónimo de Myles na gCopaleen ao longo de trinta anos no xornal *The Irish Times*.

Esta antoloxía, *A xente do común de Irlanda*, engádese a outras obras de Flann O'Brien publicadas por Nórdicalibros. O seu humor, ás veces surrealista e absurdo, é un artefacto para desmontar ese bloco

de formigón que era a sociedade irlandesa oficial despois da independencia.

Licenciado en literatura gaélica (fixo a súa tese sobre a poesía irlandesa), escribiu en inglés e en gaélico. Era, pois, pouco sospetoso. Con todo, non tragaba coas rodas de muíño da moral imposta desde o goberno e desde a igrexa por unha nova burguesía que con frecuencia deixaba as miserias ao aire. Así, tirou con bala contra os que presumían de cultura nunha serie de artigos, verdadeiramente hilarantes, sobre a intervención duns manipuladores de libros para deixalos como lidos e anotados nas marxes.

Debuxante tamén, Flann O'Brien ilustrou diversos artigos dedicados a peculiares inventos (na liña do noso profesor Franz de Copenhage, do *TBO*) tan insólitos como un sistema para evitar que un tren descarrile ou un nivómetro, recolledor de neve para fundila sen perder unha pinga, moi útil se algún mozo da casa, influído por lecturas francesas, pregunta, como Villon, "où sont les neiges d'antan": velaí no caldeiro, parvo.

Pero tamén cravou os seus dardos naqueles que castigaban á mantenta o idioma inglés ou os que manipulaban o uso do gaélico. Neste senso deixou ben ás claras a inxustiza de non considerar literatura irlandesa as obras de Joyce e, en troques, si facelo verbo de libros en gaélico de ínfima calidade. E engadía a falsidade dun *Ulysse* en gaélico cando en Dublín nunca se falou esta lingua.

Flann O'Brien amosa unha capacidade de sátira e resistencia semellantes á doutros escritores irlandeses que satirizaron ou deixaron en evidencia a hipocresía da sociedade na que viviron, como Jonathan Swift, Oscar Wilde, Samuel Beckett, George Bernard Show ou James Joyce. Unha sociedade que, á maneira da turba, sempre foi capaz de rir por baixo das imposicións e que fixo da ironía elegante unha forma de defensa na vida, exercida no pub. Naturalmente.

